



‘Seguridade: consellos e recursos’. Mesa informativa en Cuntis

Terá lugar este venres 11, ás 21:30 h na Biblioteca Pública de Cuntis (Casa da Cultura Roberto Blanco Torres). Organiza Veciñanza e será impartida por profesionais en materia de seguridade pública.

Cuntis, 9 de maio de 2018. Veciñanza organiza este venres, ás nove e media da noite, unha mesa informativa sobre seguridade. Terá lugar na Casa da Cultura Roberto Blanco Torres e será impartida por profesionais en materia de seguridade pública. Levará por título ‘Seguridade: consellos e recursos’ e discorrerá sobre situacións do día a día nas que calquera persoa pode verse involucrada.

Trataranse, entre outros, os seguintes asuntos:

- Medidas de autoprotección
- Evitar situacións de risco e como actuar
- Delitos no interior da vivenda e como evitar ser vítima
- Delitos na vía pública (timos...)
- Delitos en establecementos (como o perigo das tarxetas de crédito...)
- Autoprotección dos menores, dentro e fóra de casa
- Os riscos da internet

Veciñanza chama a participar nela a todos/as os/as veciños de Cuntis por tratarse dun asunto que sempre esperta gran interese. A promoción deste acto fai parte do carácter veciñal, e non exclusivamente político-institucional, da organización. Nos próximos meses, Veciñanza incidirá nesta faceta coa organización de eventos semellantes que resulten de interese para o día a día das persoas.

